

**ACTA DE APERTURA DO “SOBRE B” DENOMINADO CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA. REFERENCIAS TÉCNICAS DO PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA DOS SERVIZOS DE CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR BOS DÍAS COLE E TARDES DIVERTIDAS DO CONCELLO DE AMES. .**

Na Casa Consistorial de Ames sendo as trece horas do día 13 de xuño de 2017, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación dos **SERVIZOS DE CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR BOS DÍAS COLE E TARDES DIVERTIDAS DO CONCELLO DE AMES.**

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

David Santomil Mosquera, Concelleiro delegado de Educación e Cultura.

**Vogais:**

**Concepción Vilas Cantelar**, Secretaria Accidental do Concello de Ames.

**M. Carmen Castro Doldán**, Interventora accidental do Concello de Ames.

**Rogelio Pardo Martínez**, Xefe do Servizo de Contratación do Concello de Ames.

**Secretaria:**

**Maria Lara Pedrosa Rodríguez**, Auxiliar Administrativa do Concello de Ames.

Na sesión da mesa de contratación celebrada o pasado 2 de xuño de 2017, procedeuse á apertura dos sobres “A”, que contiñan a documentación administrativa, das seguintes empresas que presentaron proposición:

1. A Billarda S.L.
2. Agora Aberta S.L.
3. Hebe Sport S.L.
4. Órbita Infantil S.C.
5. Serviplus Total S.L.

Como resultado da valoración da documentación acordouse requirir a empresa A Billarda S.L., Certificado sobre traballadores con discapacidade (Anexo V) segundo a cláusula 17.1.5) do PCAP, e a empresa Serviplus total SL., declaración con datos identificativos do licitador segundo a cláusula 17.1.2) do PCAP para que no prazo de 3 días hábiles procedan a aportar a documentación da que adolece o Sobre A.

Aportada a documentación requirida en prazo por parte das empresas anteriormente citadas, a Mesa de Contratación acorda por unanimidade a admisión de todos os licitadores que presentaron proposición, que son:

1. A Billarda S.L.
2. Agora Aberta S.L.
3. Hebe Sport S.L.
4. Órbita Infantil S.C.
5. Serviplus Total S.L.

A continuación procédese á apertura dos sobres B denominados “*Criterios non avaliáveis de forma automática. Referencias Técnicas*” que conteñen as referencias técnicas dos licitadores admitidos.

Unha vez aberta a documentación e examinada polos membros da mesa de contratación, compróbase que as empresas admitidas presentan todas a documentación esixida de


acordo co disposto nos pregos que rexen a contratación do servizo.

Tendo en conta o detallado no parágrafo anterior, a mesa de contratación, por unanimidade dos membros presentes ACORDA:

**PRIMEIRO:** Darlle traslado das ofertas técnicas presentadas polos licitadores ao departamento de educación para que, con carácter previo ao acto de apertura das ofertas económicas, procedan á súa valoración de acordo cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares

**SEGUNDO.-** Unha vez valorados os criterios subxectivos que se conteñen no "Sobre B" do procedemento, procederase a publicar con 2 días de antelación no perfil do contratante e no taboleiro de edictos do concello a data e lugar do acto público de apertura dos "Sobres C" que conteñen as ofertas económicas.

E non sendo outro o obxecto da reunión, o señor Presidente da por rematado o acto, sendo as trece horas e vintecinco minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretaria, certifico.

The image shows four handwritten signatures in black ink. From left to right: a circular signature, a signature that appears to be 'Pereira', a signature that appears to be 'Acosta', and a long, horizontal signature that appears to be 'Secretaría'.